

PROGRAMA 2015-2019

(Servizos Sociais).

■ Servizos Sociais

1.- Revisión do sistema de asistencia Social:

- Avaliación e diagnose das situacións de necesidade.
- Elaboración de catálogo de necesidades e protección a dispensar.
- Establecemento de criterios obxectivos para o acceso ás diferentes prestacións ou niveis de asistencia social dependentes do Concello.
- Creación de departamento de recollida de libros e xoguetes para reparto social (corresponsabilidade social).

2.- Reparto de Alimentos:

- Diagnose e establecemento criterios obxectivos de acceso.
- Execución directa dende a Concellaría.(eliminación da privatización).
- Ubicación física do banco e local de reparto en dependencia pública.
- Xestión do banco de alimentos.
- Campaña de concienciación-colaboración cidadá na dotación do banco alimentar.

3.- Información e asistencia técnica sobre os dereitos en materia social:

- Risga
- PNC
- Rai.
- Asistencia social por risco de exclusión.
- Sobre desafiuzamentos.

4.- Asistencia domiciliaria (Condições de uso).

- Revisión do SAF

5.- Asistencia a muller vítimas de violencia machista.

- Prestacións por violencia machista.
- Económicas.
- Habitacionais.
- Alimentar.

6.- Fomento da natalidade.

- Diagnostico da pirámide poboacional no Concello e proposición de medidas a adoptar para rexuvenecela.

7.- Centro de Día Público.

- Potenciación do Centro de Día Público (Convenio coa Consellería).

8.- Control de legalidade en materia social sobre centros de asistencia e Residencias privadas instalados no municipio.

(Sanidade)

■ Sanidade.

Reforma do centro de saúde:

- (Convenio SERGAS) ampliación ocupando espazo da gardería.
- Dotación de mobiliario.
- Dotación de entretemento para usuarios/as de pediatría (xogos, libros,...).

Coordinación Comarcal para dotarse de ambulancia medicalizada.

Mellor coordinación da gardas médicas e farmacéuticas.

Negociación co SERGAS para ampliar o servizo de pediatría e de control de SINTROM.

Servizos de limpeza e mantemento.

(Muller)

■ Muller.

Política transversal de igualdade.

Introducir en toda a xestión do Goberno a perspectiva de xénero.

Protección e asesoramento en violencia machista.

Consello da Muller. Órgano asesor do Goberno.

Formación e información á muller usando a perspectiva da discriminación positiva.

(Urbanismo. Vías e Obras. Tráfico. Alumeado Público. Deportes).

■ Urbanismo.

Revisión política do PXOM en todas as Parroquias. (áreas urbanizables e información aos veciños).

Legalidade urbanística para todas as persoas por igual.

Axilización dos trámites de licencias.

Desbloqueo do conflito polas obras do cuartel que permitan o desenrolo da Unidade de Actuación.

Mellora dos accesos e aparcamentos do Centro de Saúde e á Vila.

Revisión dos criterios de edificabilidade.

Revisión das áreas verdes no entorno urbano.

Deseño da áreas específicas de crecemento de vivenda unifamiliar no entorno urbano ou semiurbano.

■ Tráfico.

Reordenación dos accesos á Vila.

Ordenanza reguladora en materia de tráfico.

Sinalización adecuada en todas as vías (por exemplo nos cruces, para a redución de velocidade, animais soltos en zonas de montes)

Sinalización de todos os barrios.

Pintado adecuado de rúas e estradas.

Transporte Público

■ Vías e Obras.

Planificación de mantemento e prioridades.

Limpeza planificada e ordenada de todas as vías.

Reforma do cruce de acceso a Setados.

Enlace entre S. Xosé Ribarteme e a autovía.

Estrada entre O Pazo (Tortoreos) e Liñares (paralela á Plisan como circunvalación).

Modificación PXOM para construír rúas novas entre a circunvalación e o Centro Urbano.

■ **Deportes.**

Coordinación cos Clubs en materia de dotacións:

- a) Económicas (Subvencións e tramitacións)
- b) Infraestruturas (Pavillóns e instalacións públicas)

Deseño de actividades e priorización nas inversións.

Fomento deporte base e de mantemento para maiores.

■ **Alumeado Público.**

Actualización da Rede e instalación de alumeado de baixo consumo.

Revisión integral do servizo e dos custes.

Inversión nas zonas que carecen de luz pública.

Instalación dun sistema de alertas de fallos "in time".

(Mocidade. Ensino. Novas Tecnoloxías).

■ **Mocidade.**

Casa da Xuventude. Recuperación gradual para uso da Mocidade.

Información vía Web das actividades Municipais.

Consello da Mocidade coordinado co Goberno.

Fomento de actividades para a xente nova: Musicais (locais de ensaio) (Escola de Música).

Deportivas: Colaboración cos Clubs.

Culturais: Biblioteca. Web. Teatro. Cine...

■ **Ensino.**

Mellora das instalacións dos centros escolares (Unitarias, Colexio Público e Instituto) mediante un Convenio coa Consellería de Educación.

Reubicación da Gardería (opcións, en edificio público: Casa do Médico; Escolas unitarias; Preescolar...

Fomento da participación da Comunidade educativa (Colexio, ANPAS e Concello) no deseño da educación e nas condicións da mesma.

Colaboración co Instituto para a reforma do Pavillón.

■ **Novas tecnoloxías.**

Creación de áreas Wifi (locais públicos) en todas as parroquias.

Nova paxina Web do Concello.

Fomento do uso de información vía Web en todas as áreas da competencia Municipal.

Implantación dun sistema de comunicación *on line* co Concello. (Colaboración e participación cidadá)

(Medio ambiente natural. Patrimonio. Saneamento. Augas).

■ **Medio ambiente natural.**

Recuperación ambiental dos ríos (Termes. Xuliana, Miño, Uma) como instrumento de riqueza natural e retorno económico. (Turismo natural).

Xestión adecuada da Praga do nematodo. (Información sobre indemnizacións, reparación camiños, reforestacións).

Punto Limpo: Ordenado e Planificado. En USO.

Recollida do Lixo. Reordenación do Servizo. Planificación do Traballo e limpeza de contedores.

■ **Patrimonio.**

Recuperación por convenio dos muíños e elementos de valor etnográfico.

Posta en Valor dos xacementos arqueolóxicos (Castros, achádegos...) (Turismo cultural).
Sinalización adecuada dos lugares con valor patrimonial.
Regulamento de uso de locais e vivendas de titularidade municipal.
Revisión do mobiliario dos parques infantís, retirada e substitución dos elementos que non cumpran a normativa.

■ **Saneamento.**

Revisión integral do actual sistema.
Planificación de prioridades.
Dotación de Saneamento a barrios sen el.
Limpeza planificada decantadoras.
Eliminación gradual decantadoras e uso da EDAR da PLISAN (Conca do Xuliana, e conca do Miño).

■ **Augas.**

Coordinación coas CC. Augas para identificar e planificar necesidades.
Instalación de bocas antiincendios nas zonas mais sensibles.
Recuperación en colaboración coas parroquias de augas de uso público.
Xestión eficiente da traída municipal.

(Facenda, Tributos, Taxas e Ordenanzas Fiscais).

■ **Facenda.**

Revisión das ordenanzas e taxas municipais para adecualas a actualidade.
Introducir o criterio de progresividade nos cobros (en función das rendas).
Introducir o criterio de diferenciación de trato fiscal en función da calidade do Servizo recibido.
Fomento da corresponsabilidade cidadán no pago de impostos municipais (uns bos servizos necesitan do apoio de tod@s).
Promover o debate público e a participación veciñal na elaboración dos orzamentos Municipais.
Establecer salarios xustos e non abusivos nos cargos públicos (O anterior alcalde do PP cobraba por riba do que impón a Lei para 2015).
Apoio orzamentario ás persoas con mais dificultades.

(Alcaldía. Participación cidadá. Promoción Económica- Emprego, Comercio, Industria e Turismo- Persoal. Seguridade. Cultura.)

■ **Participación cidadá.**

Creación dos Consellos parroquiais para a interrelación Parroquia-Concello.
Atención periódica do goberno á xente nas Parroquias.

■ **Emprego.**

PLISAN

- a) Formación para traballar.
- b) Solución para o terreo de máis de setecentos mil metros cadrados excluídos da Plisan mediante fórmulas que permitan o seu uso como área industrial.

Asesoramento para creación de cooperativas de traballo asociado:

- a) Traballo público. Concursos.
- b) Traballo sector primario.

Potenciar agricultura ecolóxica e asesoramento en canais de distribución.

Traballo vinculado ó turismo natural.

Traballo vinculado á gastronomía.

■ **Comercio e Industria.**

Apoio público ó comercio de proximidade.
Campañas de información e formación.
Mercado e venda produtos calidade alimentar.
Area Industrial Municipal.
Seguridade xurídica. (Pxom).
Impulso ao asociacionismo.
Coordinación goberno-comercio e industria.

■ **Turismo.**

Poñer en valor o que somos. O entorno natural, ríos, montaña.
Gastronomía (Viño, Requeixo e Mel, Lamprea...)
Turismo cultural (etnografía e patrimonio).
Investimentos con retorno.

■ **Cultura.**

Escola de Música.

- a) Novo deseño. Mais Disciplinas. Mellor Horario.
- b) Nova ubicación a medio prazo.
- c) Coordinación Banda de Musica.

Casa da Xuventude:

Uso completo e permanente.
Usos xuvenís. Integración.
Mellora das dotacións actuais.

Locais de ensaio.

Uso compartido

Programación cultural

- a) Contar coas Asociacións.
- b) Ter en conta ás Parroquias.
- c) Difusión actualizada de actividades.
- d) Ter en conta á todo tipo de xente.
- e) Actividades para nenas e nenos.

■ **Promoción económica.**


Fomento da creación de Cooperativas de traballo asociado.
Dotación orzamentaria para cursos de formación.
Establecemento dun canal permanente de comunicación cos representantes empresariais para deseñar as políticas municipais de apoio e fomento do consumo no Concello.
Información e transparencia nos concursos públicos.
Criterios de empregabilidade nas Neves nas asignacións sen publicidade.
Elaboración dun regulamento de subvencións transparente, obxectivo e igualitario.

■ **Persoal.**

Aplicación da RPT.
Distribución de funcións claras e horario adecuado.
Mellora na atención ó público.
Control de presenza
Navegadores-dispositivos GPS vehículos municipais.

■ **Seguridade.**

Garantir a seguridade.
Coordinación coas forzas e corpos de seguridade do estado.

A handwritten signature or scribble consisting of several overlapping, fluid lines. It starts with a vertical stroke on the left, loops around, and ends with a long, sweeping tail that extends towards the bottom right.